



MEMORIA PROPOSTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN MATERIA DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIDADÁ.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conforme ao disposto nos Decretos 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Que conforme ó disposto no artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevede que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A dilatada experiencia da Cruz Vermella Española en tarefas de protección e socorro da poboación en situacións de emerxencia, fai desta institución unha valiosa, acreditada e eficaz colaboradora da Administración Autonómica, esta colaboración en materia de protección civil recóllese expresamente no artigo 7 da Lei 2/1985 de Protección Civil.

As actuacións contempladas no convenio teñen por obxecto mellorar a colaboración e coordinación entre a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Cruz Vermella Española en beneficio da poboación galega, así como permitir aos responsables da xestión das emerxencias o coñecemento dos medios humanos e materiais de que dispón en cada momento Cruz Vermella.

Finalidade:

O convenio ten por obxecto establecer as pautas xerais de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a citada entidade (inclusión na redacción dos diferentes plans de emerxencia, información de medios e recursos propios, colaboración co CAE 112, participación nas emerxencias extraordinarias).

Este convenio ten un custo cero para a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por todo sito e considerando o servizo de protección civil como un servizo básico e esencial para os cidadáns, independentemente do lugar en que teñan a súa residencia, e entendendo que a súa potenciación no ámbito concreto ó que se refire o presente convenio favorecería o cumprimento dos obxectivos que no mesmo se reflicten, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Cruz Vermella Española.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016
O director xeral de Emerxencias e Interior

Luis Menor Pérez

